

TERMOS DEFINIDOS

PUNTO 2. ANTECEDENTES. RUSIA TSARISTA

1. Define os seguintes termos segundo o que estudaches no tema:

- a) **KULAKS:** Grupo de campesiños rusos que eran propietarios de terras e que formaban parte da clase media na sociedade tsarista de Rusia a comezos do século XX.
- b) **SÓVIETS:** Consellos de soldados e obreiros que tiveron gran protagonismo durante a Revolución rusa e que acabaron constituíndo a base da organización política da URSS.
- c) **DUMA:** Denominación que recibe unha Asemblea representativa ou Parlamento en Rusia e que tras as folgas, as protestas e as rebelións militares da revolución de 1905 que pedían reformas de carácter liberal foi unha concesión que realizou o tsar Nicolás II.
- d) **BOLXEVIQUES:** Grupo político de ideoloxía marxista, pertencente ao Partido Demócrata ruso, que estaba dirixido por Lenin, que foi cobrando protagonismo a partir da revolución de 1905 e que se fixo co poder tras a revolución de outubro de 1917 e instaurou un réxime comunista en Rusia.

PUNTO 3. DESENVOLVEMENTO. REVOLUCIÓN BOLXEVIQUE DE 1917, GUERRA CIVIL E NACEMENTO DA URSS e CONSTRUCCIÓN DA URSS

- e) **COMUNISMO DE GUERRA:** Política que consistiu na nacionalización dos sectores económicos clave, na militarización do traballo ou na requisa das colleitas dos campesiños durante a guerra civil que tivo lugar en Rusia entre o Exército Branco e o Exército Vermello.
- f) **NEP:** Política económica que tratou de recuperar economicamente a Rusia despois dos terribles efectos da guerra civil, introducindo, por parte do goberno de Lenin, medidas de tipo capitalista de forma parcial, as cales se mantiveron ata 1927, entre as que estaban o permiso para que os campesiños puidesen vender parte das colleitas no mercado ou o fomento das pequenas empresas artesanais e cooperativas.
- g) **PLANS QUINQUENAIS:** Programas económicos levados a cabo na URSS durante o goberno de Stalin, aplicados por un período de cinco anos, a través dos que pretendían promover unha planificación económica centralizada e que consistían nuns plans que, desde o principio, tiñan como obxectivo central o desenvolvemento da industria pesada necesaria para que a URSS fose unha gran potencia mundial.
- h) **GULAGS:** Campos de concentración que eran utilizados como unha forma de represión política por parte da ditadura instaurada por Stalin na URSS aos que foron enviados moitos disidentes tanto dentro do Partido Comunista como do Exército, así como moitos campesiños que se resistían á colectivización das terras, e nos cales estaban obrigados a realizar traballos forzados.